

**POSIBLES IDEAS PARA
UNA HOMILÍA CON NENOS
12 XANEIRO 2020**

**O BAUTISMO DO SEÑOR:
Somos os seus fillos amados**

1. VER: Lembramos o noso bautismo.

- Todos participamos nun bautizo.** Cando eramos pequenos os nosos pais e padriños leváronnos á parroquia.
- Miramos o álbum de fotos** do noso bautismo, recordamos os xestos do sacerdote (palabras, xestos...). Podemos tamén pedir na parroquia que nos ensinen o Libro de Bautizos onde estamos rexistrados como bautizados.

Que pasou aquel día?

Que nos fixo o sacerdote? E os pais e padriños?

Basta con bautizarse para ser cristián?

2. XULGAR: Somos os fillos amados de Deus.

-Hoxe acaba o Nadal co bautismo de Xesús. O debuxante Fano preséntanos o álbum de fotos de Deus no que aparecen os bautizos de Xesús e os de todos os seus fillos, nós. No evanxeo deste domingo fálasenos do bautismo de Xesús. *“Apenas se bautizou Xesús, saíu da auga; abriuse o ceo e viu que o Espírito de Deus baixaba como unha pomba e pousábase sobre el. E oíu unha voz do ceo que dicía: Este é o meu fillo, o amado, o meu predilecto”.*

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

No bautismo o sacerdote utiliza uns símbolos e fai unha serie de xestos que producen en nós unha nova vida: fainos a cruz na fronte, únxenos co óleo no peito, pregúntanos se rexeitamos o mal e cremos, derrama a auga sobre a nosa cabeza, únxete co crisma na cabeza, ponnos a vestidura branca e entrega o cirio aos padriños... **Con iso:**

-Deus Pai escíbete no seu libro, entras a formar parte do álbum dos FILLOS DE DEUS:

**Non o esquezas nunca, pase o que pase es o seu fillo querido, el coidarate e salvarate.*

-O ESPÍRITO SANTO vive en ti, non estás só:

**O Espírito que recibes nos sacramentos faite forte ante o mal dándolle a graza.*

-A IGREXA é a túa familia que te educa na fe, reza contigo e apóiate:

**Síntete membro da comunidade, participa cada domingo, sé irmán de todos.*

-Xesús encoméndate unha MISIÓN: ser testemuña de Xesús, ser outro Cristo, vivir coma el: *Que todo o que te vexa recoñeza o mesmo Xesús, que te deixes levar polos ollos da fe.

Como vives todo isto?

Quedan os bautizos nunha festa e unhas fotos?

3. ACTUAR: Que se note que estamos bautizados.

-No basta con ter un certificado de bautismo ou unhas fotos. Trátase de vivir como bautizados. *“Un cristián non nace, senón que se fai”*, vivindo a súa misión cada día.

-Escribe unha carta a Xesús dándolle grazas polo teu bautismo, “es “fillo/a amado/a”.

Que imos facer: ti, en familia e en grupo?

A PALABRA

- **ISAÍAS 42, 1-4. 6-7: *Mirade a meu servo, en quen me comprazo.***

Isto di o Señor: «Mirade o meu servo, a quen sosteño; o meu elixido, en quen me comprazo. puxen o meu espírito sobre el, manifestará a xustiza ás nacións. Non gritará, non clamará, non voceará polas rúas. A cana cascada non a crebará, a mecha vacilante non a apagará. Manifestará a xustiza con verdade. Non vacilará nin se crebará, ata implantar a xustiza no país. Na súa lei esperan as illas. Eu, o Señor, chameite na miña xustiza, collinte da man, formeite e fixen de ti alianza dun pobo e luz das nacións, para que abras os ollos dos cegos, saques aos cativos do cárcere, da prisión os que habitan en tebras»

Palabra do Señor.

- **SAL. 28 R/. O Señor bendí o seu pobo coa paz.**
- **FEITOS 10, 34-38: *Unxido por Deus coa forza do Espírito Santo.***

Naqueles días, Pedro tomou a palabra e dixo: «Agora comprendo con toda verdade que Deus non fai acepción de persoas, senón que acepta o que o teme e practica a xustiza, sexa da nación que sexa. Enviou a súa palabra aos fillos de Israel, anunciando a Boa Nova da paz que traería Xesucristo, o Señor de todos. Vós coñecedes o que sucedeu en toda Xudea, comezando por Galilea, despois do bautismo que predicou Xoán. Refírome a Xesús de Nazaré, **unxido por Deus coa forza do Espírito Santo, que pasou facendo o ben e curando a todos os oprimidos polo diaño, porque Deus estaba con el**».

Palabra do Señor.

- **LUCAS 3, 13-17: *Bautizou a Xesús e viu que o espírito de Deus se pousaba sobre el.***

Narrador: Naquel tempo, veu Xesús desde Galilea ao Xordán e presentouse a Xoán para que o bautizase. Pero Xoán intentaba disuadilo dicíndolle:

Xoán: -«*Son eu o que necesito que ti me bautices, e ti acodes a min?».*

Narrador: Xesús contestoulle:

Xesús: -«*Déixao agora. Convén que así cumpramos toda xustiza».*

Narrador: Entón Xoán permitiullo. Apenas se bautizou Xesús, saíu do auga; abríronse os ceos e viu que o Espírito de Deus baixaba como unha pomba e pousábase sobre el. E oíu unha voz dos ceos que dicía:

Voz: -«*Este é o meu Fillo amado, en quen me comprazo».*

Palabra do Señor.

(Narrador-Xoán-Xesús-Voz)